

INCENDIOS EN GALICIA, RETO POLÍTICO A RESOLVER

Anticiparse ao problema antes que este se produza, esa é a liña estratéxica esencial

A vaga de lumes que asolou Galicia no último mes, ven a demostrar unha vez máis que non se toman as medidas adecuadas dende hai máis de 35 anos no que leva sendo un problema grave, **estrutural** e de **País**.



O **abandono** e **despoboamento** do rural, das aldeas, das parcelas agrarias e forestais e o resultado de 30 anos de políticas nefastas en Galicia, neste caso do PP, case permanentes gobernantes da Xunta, dan como resultado o **aumento da biomasa** dun xeito brutal nos últimos anos. Iso, sumado aos intereses na queima do monte, fan un cóctel realmente explosivo.

As tarefas de **limpeza de cunetas** e nalgún caso mesmo de camiños que son case “comestos” polo rápido crecemento de todo tipo de maleza nas primaveras, non son suficientes para evitar os incendios; nin as insuficientes **medidas coercitivas** para que cada quen coide das súas parcelas, sobre todo aquelas que poñen en perigo o entorno de vivendas; nin os **planeamentos urbanísticos** sen elaborar nalgúns concellos e sen usar noutros causando un descontrol urbanístico con edificacións de **vivendas no medio dos montes** como ten acontecido nos últimos 40 anos; estes e moitos outros factores favorecen a propagación do lume. Incluso o PP non cambia o método de traballo na Xunta, o que favorece o chamado “negocio” do lume, no canto de que o auténtico esforzo se faga na prevención.



Malia esta situación, os incendios teñen unha solución co enfoque axeitado chamado **anticipación ao problema**, que se podería artellar a través das seguintes propostas:

1.2 Propostas legislativas

- Apostar por un novo sistema forestal, baseado na economía circular, con frondosas rendibles, favorecendo a diversidade de aproveitamentos e a sustentabilidade do monte, etc.
- Facer cumprir todas as normativas xa existentes relacionadas cos tipos de plantacións, as distancias, etc.
- Prohibir recalificar os terreos afectados por incendios.
- Atender aos planeamentos dos 19 sectores definidos en Galicia e incentivar a creación das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).
- Simplificar os trámites burocráticos para a limpeza dos montes na contorna das poboacións.
- Apoiar economicamente ás empresas e particulares que teñan vinculación co monte sustentable.

- Promover leis con penas moi severas contras as persoas que delincan causando lume.
- Completar concentracións en toda Galicia.
- Implementar medidas a medio e longo prazo que vaian na dirección da solución en consonancia coas normas da UE tendo en conta a Axenda europea 2030 e que faciliten o acceso as axudas que actualmente xa penalizan a mala planificación de xestión.
- Promover un censo das plantacións de eucaliptos, traballando nun programa de redución e regulación a cambio de proxectos viables e sustentables economicamente. As medidas de cambio deben ser prioritarias nos terreos que cheguen a terceira corta de eucalipto ou no límite de 50 anos.
- Compensar fiscalmente ás persoas propietarias de plantacións autóctonas polo beneficio social, ecolóxico e de incremento da porcentaxe que achegan á contabilidade que os concellos deben medir na descarbonización para acceder aos diferentes plans subvencionables da UE dentro da Axenda 2030.
- Promover normativas reguladoras para control e erradicación das pirófitas de terras de labranza, cursos fluviais, zonas de especial sensibilidade paisaxística ou risco de incendios, etc...



1.2 Propostas sociais

- Promover plans educativos nas corporacións, nos centros do rural e no ensino regrado en xeral coa implantación das “bosque escolas” en tódolos colexios públicos de Galicia, asignando hectáreas a cada centro.
- Desenvolver programas de prevención dende os concellos que abrangan o ano completo (ex. brigadas permanentes, voluntariado subvencionado, etc)
- Crear batallóns de vixías contra o lume integrados pola sociedade civil, incentivados con medidas como descontos en transporte, descontos nas matrículas, descontos en estancias, etc.
- Facer campañas informativas sobre o banco de terras BanTeGal, e convertilo nunha ferramenta de axuda a quen non poida coidar as súas terras.
- Dar a coñecer o Plan estratéxico da Xunta a 20 anos vista que propón a creación de 16.000 has. de castaños de froito e outras leis que van no mesmo sentido.
- Informar de especies frondosas rendibles e tamén das empresas adheridas que merquen o produto (castaña, oliva, viñedo, améndoas, ovos, froitos vermellos, etc)



1.3 Propostas económicas

- Manter un cinto de seguridade protector con especies autóctonas arredor dos núcleos de poboación.
- Poñer o acento nas medidas de prevención para o vindeiro ano e seguintes. Os incendios non poden ser un negocio nas tarefas de extinción, máis ben o “negocio” ten que ser a prevención (contratacións, cursos de formación, dotación de maquinaria e traballos de mantemento, axencias de asesoramento e seguimento, escolas agrarias, etc).
- Elaborar o PXOM en todos os concellos nos que está pendente.
- Diseñar plans específicos encamiñados a aumentar a rendibilidade dos montes, buscando alternativas ao monocultivo do pino e eucalipto.
- Elaborar un plan galego de centrais eléctricas con biomasa.

- Elaborar un plan galego de procesado de restos forestais (estilo planta biomasa de Curtis Teixeira).
- Apostar porque os servizos de extinción sexan públicos, profesionais e asentados no medio rural.
- Tentar a reactivación da vida rural mediante vantaxes fiscais, servizos públicos, exención de impostos, inversións sostidas, campañas divulgativas, etc.
- Fomentar o desenvolvemento de granxas, viñedos, proxectos vinculados ao turismo rural, afectacións de reservas e espazos protexidos, turismo do bosque autóctono, augas termais, conservación da biodiversidade, sustentabilidade e defensa da auga, ciclo completo de produción de resina, ciclo completo da castaña e produtos derivados, etc.

*Comisión Permanente do Partido Galego
Galicia, 9 de agosto de 2022*